



**CONCELLO DE VIGO**

Expte.1606/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 4 de xaneiro de 2024 (1606/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e corenta e tres minutos do catro de xaneiro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, o secretario de Administración Municipal, Sr. Villán Fuertes.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

## **2.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN TRANSITORIA DA MOBILIDADE DE VEHÍCULOS E PERSOAS MEDIANTE A SINALIZACIÓN VIARIA NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 136047/210.**

Visto o informe de fiscalización do 04/01/2024, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

### **11.- Propostas de adxudicación**

- a) Procedemento aberto simplificado para a contratación da xestión transitoria da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (136047-210)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación da xestión transitoria da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (PCAP)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 24 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar o expediente de contratación para a licitación do servizo de xestión transitoria da mobilidade de vehículos e persoas mediante a sinalización viaria na cidade de Vigo, tramitado co número 136.047/210, en réxime de contrato de servizos non suxeito a regulación harmonizada, integrado polos seguintes documentos:*

- Orde de inicio de 09 de outubro de 2023*
- Certificacións da existencia de crédito adecuado e suficiente (RC, RCFUT) asinados o 18 de outubro de 2023.*
- Memoria económica do contrato asinada o 08 de novembro de 2023.*
- Prego de Prescricións Técnicas asinado o 11 de outubro de 2023.*
- Memoria xustificativa do contrato asinada o 08 de novembro de 2023.*
- Declaración de neutralidade na redacción do Prego de Prescricións Técnicas asinada o 11 de outubro de 2023.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1606/1102

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado o 17 de novembro de 2023.

2º.- Autorizar o gasto necesario para a aprobación do expediente de carácter plurianual cunha duración de catro meses (art. 174 do TRLRFL, RDL 2/04), a licitación e conseguinte adxudicación do contrato con cargo á aplicación orzamentaria 1330 2279902 por un importe máximo de 118.721,36 € (IVE incluído) para a enteira duración do mesmo e segundo o seguinte desglose por anualidades prevista expresamente nos pregos que se aproban (IVE incluído):

- ANO 2023: 29.680,34 € (01 de decembro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023)
- ANO 2024: 89.041.02 € (01 de xaneiro de 2024 ata o 31 de marzo de 2024)

3º.- Dispoñer, en consecuencia, a apertura do período de licitación polas normas do procedemento aberto, con tramitación abreviada do art. 159 da LCSP."

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o día 29 de decembro de 2023 adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación da xestión da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	API MOVILIDAD, S.A.	95,020
2	TEVASEÑAL, S.A.	91,000
3	ACEINSA MOVILIDAD S.A	88,873

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar API MOVILIDAD, S.A., o día 29 de decembro de 2023, que presenta a documentación requirida os días 29 de decembro de 2023 e 3 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 4 de xaneiro de 2024 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes e coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar API MOVILIDAD, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por API MOVILIDAD, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e proposicións avaliábeis mediante de fórmula, de datas 19 e 22 de decembro de 2023.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a API MOVILIDAD, S.A., o procedemento aberto para a contratación da xestión transitoria da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal coas seguintes condicións:*

- a) *Prezo total do contrato de 118.721,37 euros, sendo a cuota do IVE de 20.604,53 euros (21%).*



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1606/1102

- b) *Propón unha porcentaxe única de desconto do 12 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás once horas e corenta e oito minutos. Como secretario dou fe.

JVF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez